

3º SLALOM CONCELLO DE AS SOMOZAS



BRIEFING DE PILOTOS

Bo día e benvid@s a tod@s ao III slalom concello de As Somozas!

Lembrade que o **Taboleiro Oficial da Proba** é a través da plataforma dixital Sportity, coa clave **SOMOZAS24**, e que tamén empregamos a modo non oficial o grupo de whasap da proba, na que só podemos escribir os administradores.

Tedes ao Relación con Participantes para os temas Deportivos, e aos Oficiais da zona para os temas Organizativos.

1.-A SEGURIDADE

-A SEGURIDADE é o punto esencial durante toda a proba e fundamental para o bo desenrolo da mesma

Por unha banda, comprobade ben o EQUIPAMENTO PERSOAL DE SEGURIDADE (mono ignífugo, collarín ou hans, sotocasco, casco, botas e luvas, cando vos dirixades a presaída (asistencia), así chegaredes preparados para tomar saída correctamente.

Por outra banda, hai que ter en conta que o circuito está valado e cintado a modo de que só os comisarios de pista e os restantes membros da organización poden entrar dentro da zona do circuito.

Este circuito conta tamén con proteccións adicionais (sacos de area) en certos puntos máis complexos, pero están colocados de tal xeito que a través deles pódese evacuar un vehículo que non poida continuar polos seus medios, sempre e cando non sexa necesario retiralo co vehículo de Rescate ou coa Grúa. **Facede sempre caso ao que vos indique os Oficiais de cada zona da proba.**

Referente a seguridade, remarcar tamén que pola asistencia circula coa máxima precaución, xa que aquí soe haber moito público e unido a 57 participantes, 46 vehículos inscritos e a súas asistencias, fan un volume moi grande de xente e medios concentrados, polo que solicitamos a **MÁXIMA PRECAUCIÓN NO PARQUE DE ASISTENCIA.**

A zona de quecemento de rodas, está delimitada, pero no resto do enlace entre a Pre-saída do Parque de asistencia e Saída do trazado, circula coa precaución propia dunha vía con público que pode cruzala polos pasos de peóns, etc.

A zona de enlace entre o final de trazado e o paque de asistencia, trala zona de freado de emerxencia, é unha zona cortada ao tráfico, pero nela están autorizados a circular tamén veciños que viven na zona e servizos esenciais, polo que moita Precaución

2.-O TRAZADO:

*A normativa establece que os conos de cor vermella deben de deixarse ao lado dereito, os conos de cor verde deben de deixarse ao lado esquerdo, e os conos de cor azul hai que darlle unha volta completa (360°)

*Este trazado é idéntico que en 2023, ao igual que os enlaces. Nos enlaces existen pasos de peóns e no enlace que vai dende meta a asistencia, podemonos atoar con vehículos usando a vía, xa que como xa vos indicamos, están autorizados os residentes da zona e os servizos esenciais, polo que vos solicitamos **EXTREMALA PRECAUCIÓN.**

Lembrade que trala segunda manga oficial, os vehículos deben ir ao Parque Pechado, agás aqueles de uso compartido, que irán ao Parque Pechado despois da segunda manga oficial do último participante no mesmo.

O Parque Pechado levantarase trala publicación da Clasificación Final Oficial, que é cando se poden sacar os vehículos del, agás os tres primeiros clasificados da Xeral Scratch, que están autorizados a vir cara a zona de entrega de premios cando llelo indiquemos.

MOITA SORTE A [TOD@S!](mailto:tod@s)

**Comité Organizador:
ESCUDERÍA MOECHE**

G-70.444.898

